

augas baixo soberanía ou xurisdicción española, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non autorizará o desembarque nin o transbordo das capturas procedentes de buques identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira por levar a cabo actividades de pesca ilegal, ou contrarias ás medidas de conservación e xestión na súa área de regulación.

Así mesmo, queda prohibida a importación no territorio nacional de capturas procedentes dos buques a que se refire o parágrafo anterior por calquera medio de transporte.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e facultade de desenvolvemento.*

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima en augas exteriores.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para dicta-las normas e adopta-las medidas precisas para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para adapta-la cualificación de países e territorios de abandeiramento de conveniencia á normativa internacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**21182** *REAL DECRETO 1098/2002, do 25 de outubro, polo que se regula a alimentación de aves de rapina necrófagas con determinados animais mortos e os seus produtos.* («BOE» 262, do 1-11-2002.)

A Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e a Lei 4/1989, do 27 de marzo, dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, impoñen o deber de garantir a conservación e preservación das especies da flora e fauna silvestres, con especial atención ás autóctonas.

Dentro deste marco, débese ter en conta que a alimentación tradicional das aves de rapina necrófagas está constituída en España, principalmente, por cadáveres de animais das especies bovina, ovina e caprina. De acordo cos datos científicos dispoñibles nestes momentos, non existe risco de transmisión do axente causante das encefalopatías esponxiformes transmisibles a estas aves de rapina nin, por suposto, destas ás persoas, dado que non teñen entrada en ningún momento na cadea alimenticia.

Non obstante, na falta de normativa expresa sobre esta materia, precísase establece-los supostos en que se poderán utiliza-los cadáveres de animais e, en especial, os das especies bovina, ovina e caprina para a alimentación de aves de rapina necrófagas, así como os

requisitos necesarios para a autorización da dita alimentación.

Téntase con esta regulación garanti-la conservación destas especies de aves, en desenvolvemento do artigo 26.1 da Lei 4/1989, e procurar que o transporte dos animais mortos empregados na súa alimentación non supoña un risco para a saúde animal, humana ou para o ambiente.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, da ministra de Sanidade e Consumo e do ministro de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de outubro de 2002,

### DISPÕÑO :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las normas básicas relativas ós supostos e condicións en que se permitirá a utilización de cadáveres de animais para a alimentación de aves rapaces necrófagas nas zonas de alimentación.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

- Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.
- Lugar de procedencia: a explotación ou empresa gandeira desde onde parten os animais mortos.
- Zona de alimentación: o lugar acondicionado expresamente para a alimentación de aves de rapina necrófagas.

Artigo 3. *Autorización.*

1. A autoridade competente poderá autoriza-la alimentación de aves de rapina necrófagas con cadáveres de animais, cando o órgano ambiental da comunidade autónoma comprobase que as necesidades alimenticias da poboación de aves de rapina necrófagas dunha determinada zona non están cubertas, xa sexa como consecuencia da execución das actuacións en materia de prevención, loita, control ou erradicación das enfermidades dos animais, xa sexa por calquera outra causa.

2. Nas autorizacións determinarase a cantidade de cadáveres precisos para restablece-la situación nutritiva das aves rapaces necrófagas da zona a que se refiran.

3. A autorización implicará, así mesmo, a autorización do transporte dos cadáveres de animais desde o lugar de procedencia á zona de alimentación.

4. As autorizacións previstas neste artigo extinguiránse cando desapareza o suposto que xustificou a súa concesión.

Artigo 4. *Solicitud e rexistro de autorizacións.*

1. As solicitudes de autorización deberán ser presentadas polo propietario ou responsable dos animais mortos perante a autoridade competente no territorio da cal estea situado o lugar de procedencia dos animais e a zona de alimentación, e nelas faranse constar polo menos os seguintes datos:

- Número de animais mortos para os que se solicita a autorización.

i b) A rota ou traxecto desde o lugar de procedencia á zona de alimentación, e a identificación do vehículo ou medio en que se realice o transporte.

2. Cando a solicitude se refira ou comprenda cadáveres de animais das especies bovina, ovina e caprina, deberáselle xunta-la seguinte documentación:

a) Identificación dos animais de conformidade coa normativa vixente en función da especie.

b) Documentación acreditativa de ter procedido á extracción da totalidade dos materiais especificados de risco que correspondan segundo a idade do animal, de acordo co disposto no Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles. No suposto de ser obrigada a realización ós animais das probas previstas en, respectivamente, os anexos II.A e II.B do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, documentación acreditativa do resultado negativo desas probas.

Alternativamente, xuntarase compromiso expreso do solicitante de proceder, antes do transporte, á extracción do citado material especificado de risco, e de realiza-las mencionadas probas, procedendo ó transporte unicamente se o resultado é negativo.

3. A autoridade competente manterá un rexistro coas autorizacións concedidas, no que se incluírán os datos relativos ó código de identificación dos cadáveres de animais das especies bovina, ovina e caprina transportados.

#### Artigo 5. *Requisitos para a autorización.*

1. Para a concesión da autorización deberán cumprirse os requisitos seguintes:

a) O lugar de procedencia deberá estar situado preto da zona de alimentación, sen que poidan distar máis de cincuenta quilómetros deste. Non obstante, esta distancia poderá ser de ata cen quilómetros cando o lugar de procedencia ou a zona de alimentación estean localizados en terreos montañosos de difícil acceso.

b) O lugar de procedencia e a zona de alimentación deberán achar dentro do ámbito territorial da comunidade autónoma en que se presente a solicitude.

c) O lugar de procedencia non deberá estar sometido a ningunha medida específica de restricción do movemento pecuario por motivos de sanidade animal.

2. Así mesmo, para a concesión da autorización, a zona de alimentación deberá reuni-las seguintes condicións:

a) Estar suficientemente arredado de zonas habitadas, sen que a súa localización poida orixinar problemas de contaminación de augas superficiais ou subterráneas.

b) Dispor de recintos cercados para evita-la entrada de animais terrestres carnívoros, domésticos ou salvaxes. A cerca, así mesmo, non dificultará o acceso e fuxida das aves de rapina necrófagas.

c) Ter unha superficie suficiente que permita o acceso e alimento das aves de rapina necrófagas, e que non será inferior a unha hectárea.

d) Contar cun único acceso fechado e ter delimitada a zona para depositar os cadáveres dentro del.

e) En caso de que a zona de alimentación estivese comprendida total ou parcialmente nun espazo natural protexido, será precisa, como requisito adicional ós sinalados anteriormente, a autorización previa do órgano competente para a xestión dese espazo natural protexido.

#### Artigo 6. *Transporte.*

1. O transporte dos animais mortos realizarase, de acordo coa rota autorizada, nas debidas condicións hixiénicas para evitar risco sanitario para as persoas ou os animais, e risco para o ambiente, e nas seguintes condicións:

a) Durante a carga dos animais mortos, deberán evitarse riscos para a saúde dos animais vivos ou das persoas presentes.

b) As circunstancias sanitarias da zona de que se trate deberán permiti-lo transporte, o cal non discorrerá próximo a matadoiros nin a ningún establecemento que produza alimentos de orixe animal destinados ó consumo humano.

2. No suposto de cadáveres dos animais das especies bovina, ovina e caprina, se se tivese xuntado á solicitude o compromiso ó que se refire a alínea b) do número 2 do artigo 4, deberase proceder, antes do transporte, á retirada da totalidade dos materiais especificados de risco e, en caso de ser necesario, tamén á realización das probas con resultado negativo, nas condicións previstas na citada alínea b).

3. En caso de autorización do transporte de animais mortos de distintos lugares de procedencia nun mesmo vehículo ou medio de transporte, deberán observarse medidas de prevención establecidas pola autoridade competente, a fin de evitar calquera risco para a saúde de animais vivos ou de persoas presentes no lugar onde se realice a carga do transporte.

4. Finalizado un transporte e antes de realizarse outro, desinfectarase de modo adecuado o vehículo ou medio de transporte utilizado.

#### Artigo 7. *Inspección e control.*

As autoridades competentes velarán pola adecuada execución das autorizacións realizando as inspeccións e controis que sexan precisos e, en especial, levarán a cabo inspeccións periódicas das zonas de alimentación.

#### Artigo 8. *Réxime sancionador.*

1. En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei de epizootias do 20 de decembro de 1952; no seu regulamento aprobado polo Decreto do 4 de febreiro de 1955; no título VI da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres; na Lei 26/2001, do 27 de decembro, pola que se establece o sistema de infraccións e sancións en materia de encefalopatías esponxiformes transmisibles, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, serán de aplicación as infraccións e sancións previstas no artigo 103.2 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para o caso de traslado, desprazamento, transporte e movemento de animais dentro do territorio nacional entre comunidades autónomas.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e a lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles.*

Engádese unha alínea d) ó número 1 do artigo 2 do Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, co seguinte contido:

«d) A alimentación de aves de rapina necrófagas en zonas de alimentación con animais mortos das especies bovina, ovina e caprina, nos termos establecidos na correspondente normativa de aplicación.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal.*

Engádese unha alínea c) ó número 2 do artigo 1 do Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, co seguinte contido:

«c) A alimentación de aves de rapina necrófagas en zonas de alimentación con animais mortos, nos termos establecidos na correspondente normativa de aplicación.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**21336** *REAL DECRETO 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica.* («BOE» 265, do 5-11-2002.)

O Real decreto 2159/1993, do 13 de decembro, polo que se establecen medidas relacionadas coa peste porcina clásica, incorporou ó noso ordenamento a Directiva 80/217/CEE, do Consello, do 22 de xaneiro de 1980, pola que se establecen medidas comunitarias contra a peste porcina clásica.

Esta directiva modificouse frecuentemente e en profundidade, polo que, ante a necesidade dunha nova modificación, se aprobou a Directiva 2001/89/CE, do Consello, do 23 de outubro de 2001, relativa a medidas comunitarias de loita contra a peste porcina clásica, que substitúe a citada Directiva 80/217/CEE, na que se refunden nun único texto as disposicións aplicables nesta materia, ó tempo que se introducen cambios á luz da experiencia adquirida nos focos dos últimos anos, e da

disposición de novos instrumentos de diagnóstico e medidas de control da enfermidade.

Mediante este real decreto incorpórase ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2001/89/CE.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de outubro de 2002,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica, que deberán aplicarse en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Porco: calquera animal da familia «Suidae», incluídos os xabarís.

b) Xabaril: todo porco non mantido nin criado nunha explotación.

c) Explotación: os locais, agrícolas ou non, nos que se manteñan ou críen porcos de forma permanente ou temporal. Nesta definición non se inclúen os matadoiros, os medios de transporte, nin as superficies choídas nas que se manteñen ou poden cazarse os xabarís; estas superficies choídas deberán ter un tamaño e unha estrutura tales que non resulten aplicables as medidas previstas no número 1 do artigo 5.

d) Manual de diagnóstico: o recollido na Decisión da Comisión 2002/106/CE, do 1 de febreiro de 2002, pola que se aproba un manual de diagnóstico no que se establecen procedementos de diagnóstico, métodos de mostraxe e criterios de avaliación das probas de laboratorio con fins de confirmación da peste porcina clásica.

e) Porco sospeitoso de estar infectado co virus da peste porcina clásica: todo porco ou canal de porco que presente síntomas clínicos, lesións «post mortem» ou reaccións ás probas de laboratorio realizadas conforme o manual de diagnóstico, que indiquen a posible presenza da peste porcina clásica.

f) Caso de peste porcina clásica, ou porco infectado con peste porcina clásica: todo porco ou canal de porco no que se comprobouse oficialmente a presenza de síntomas clínicos ou lesións «post mortem» de peste porcina clásica, ou no que se comprobouse oficialmente a presenza da enfermidade como resultado dun exame de laboratorio realizado conforme o manual de diagnóstico.

g) Foco de peste porcina clásica: a explotación onde se detectasen un ou máis casos de peste porcina clásica.

h) Foco primario: o foco a que se refire o parágrafo a) 1.º do número 1 do artigo 4 do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación.

i) Zona infectada: zona onde, trala confirmación dun ou máis casos de peste porcina clásica en xabarís, se apliquen medidas de erradicación da enfermidade de acordo cos artigos 15 ou 16.

j) Caso primario de peste porcina clásica en xabarís: todo caso de peste porcina clásica que se detecte en xabarís dunha zona na que non se apliquen medidas de acordo cos artigos 15 ou 16.

k) Metapoboación de xabarís: todo grupo ou subpoboación de xabarís que teña contacto limitado con outros grupos ou subpoboacións.